

A Asociación do Traxe Galego, na procura de conseguir e divulga-lo más amplio coñecemento sobre o traxe galego, en tódalas súas variantes, convoca a **XI EDICIÓN DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN “ANTONIO FRAGUAS”** nesta materia con arreglo ás seguintes

## BASES

1. Establécense DOUS premios:  
PREMIO NA MODALIDADE DE TRABALLOS ANALÍTICOS  
Por valor de 1200 euros  
PREMIO NA MODALIDADE DE TRABALLOS DESCRIPTIVOS  
Por valor de 600 euros
2. A modo de orientación, para a presentación de traballos:
  - ? Consideraranse na modalidade de TRABALLOS DESCRIPTIVOS aqueles que, recuperando traxes, especifiquen a materia con que están feitas as pezas, medidas, patróns, onde se atoparon, onde están actualmente e de que época é cada unha das pezas analizadas, pero evitando elevar esas pezas ou esos traxes, sen mais documentación que a confirme e complemente, a categoría absoluta para unha terra ou unha época.
  - ? Consideraranse na modalidade de TRABALLOS ANALÍTICOS aqueles nos que, ademais se investigue quen fixo o traxe, con que mecanismos, como traballaba, en que área distribuía a sua produción. Nesta modalidade de investigación recoméndase non só a recolleita e catalogación das formas (incluíndo a pescuda en inventarios post-mortem, na tradición oral ou na iconografía), senón tamén a investigación verbo das crenzas e valores relacionados co traxe, da influencia na indumentaria dos poderes relixiosos, económicos e políticos, e finalmente dos aspectos sociolóxicos, coma o dos artesáns da nosa indumentaria (zoqueiros, costureiras, etc.)
3. Os traballos achegaranse á sede da Asociación do Traxe Galego, Rua da Atalaia, nº 2 Baixo, 15704 de Santiago de Compostela, por correo certificado ata a data límite do 30/11/2005
4. Os traballos presentaranse en galego, en sobre pechado no que conste un lema e non poderán asinarse. O autor/a ou autores/as indicarán nunha cuartilla os seus datos personais: nome, apelidos, enderezo, teléfono e NIF, nun sobre tamén pechado no que conste o mesmo lema que no sobre que contén o trabalho.
5. Os traballos deberán acompañarse da documentación ou fotografía correspondente.
6. Os traballos premiados poderán publicarse a iniciativa da Asociación do Traxe Galego, se así o estima, mantendo os seus autores/as, os dereitos de propiedade intelectual.
7. O Xurado será constituído por persoas de recoñecido prestixio no ámbito do folclore, antropoloxía e investigación do traxe galego.
8. O fallo do Xurado será inapelable, e poderá declarar desertos un ou mais premios se considera que a calidade dos traballos é insuficiente.  
O fallo do xurado adoptarase por maioría simple dos seus membros, quedando aquel facultado para resolve-las incidencias que poideran xurdir nas súas deliberacións.
9. Poderá concorrer a estes premios calquera persoa, sexa cal fose a súa nacionalidade ou lugar de residencia.
10. Os traballos, a excepción dos premiados, voltaranse os seus autores/as dentro do mes seguinte o fallo do Xurado.
11. O Feito de participar neste concurso supón a total aceptación destas bases.